

# CIRCO CONCEPTO



"A nosa empresa baséase nunha oferta de servizos complementarios que xiran ao redor dunha estética e un concepto urbán."

*Pablo Lage Sanjurjo / Manuel Pallín Castro / Marcos Pereira Lozano*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Marca de roupa, productora audiovisual e deseño artístico
<b>Sector de actividade</b>	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
<b>Nº empregados</b>	3
<b>Inversión inicial</b>	18.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	La inversión inicial fue de 26.000 €. Destinamos 18.000 € a la compra de una furgoneta y 8.000 € a compra de stock de ropa. La inversión fue financiada con fondos propios y una póliza de crédito.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.conceptocirco.com">www.conceptocirco.com</a>
<b>Municipio:</b>	Lugo, Lugo
<b>Ano creación:</b>	2006

## Descrición do proxecto

A raíz da nosa actividade como graffiteros, comezamos a traballar para o Dpto. de Xuventude e, máis tarde, coa Consellería de Educación. A Administración contrátanos obras para espazos públicos como colexios, edificios públicos ou muros de entornos urbanos.

Desenvolvemos tamén unha marca de roupa denominada "Circo Wear" que basicamente produce camisetas, sudaderas, e cups. Vendemos a nosa roupa tanto na web como a través de tendas de moda afíns coa estética da marca (moda urbana, skating, etc.).

E creamos unha produtora audiovisual para producir videoclips, documentais, vídeos corporativos de empresas e incluso algún vídeo electoral. Utilizamos ademais a produtora para facer promoción propia do noso traballo.

A nosa empresa foi declarada como Iniciativa Local de Emprego (ILE)



## Datos empresa

### Claves do éxito

Constancia e orixinalidade. Somos mozos creativos que pertencemos a diferentes ámbitos e estivemos ideando e traballando durante moito tempo ata chegar a materializar a nosa afección nunha empresa viable.

Innovación ao proxectar unha idea e ao ser pioneiros en orientar ao mercado este concepto artístico.

### Situación actual

Neste momento estamos comezando e asumindo a maior cantidade posible de proxectos para consolidarnos no mercado e facer medrar a nosa carteira de clientes.

### Perfil cliente

Os nosos clientes non responden a un perfil determinado. Dende o dono dunha taberna a un particular que quere pintar a súa casa. Dende un comercio a un concello que necesita un concepto para recrear nun muro.

No mercado da produción audiovisual e a creación de logotipos, traballamos para empresas que necesitan un vídeo promocional, unha imaxe corporativa, etc.



## Idea inicial

Pablo estaba terminando os seus estudos, Marcos preparaba oposicións e eu acababa de terminar un curso de Photoshop. Tiña ganas de poñer en marcha o proxecto da marca de roupa, que levaba madurando moito tempo, e propuxen desenvolver este proxecto de negocio. As diferentes liñas da nosa empresa xurdiron de forma natural. No fondo levabamos en mente desenvolver todas estas actividades que están vinculadas entre si: a marca de roupa, a estética do graffiti no que tiñamos moitos anos de experiencia e o campo da produción audiovisual.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das nosas maiores dificultades é, quizais, traballar coa Administración, xa que tarda moito en pagar e, sobre todo ao principio, cando tes necesidade de liquidez, isto pode supoñer un problema importante.

Polo demais, nunca tivemos problemas para captar clientes. Foron eles quen contactaron connosco nun principio e logo funcionou moi ben o boca – oído. Polo momento, temos un ritmo de traballo bastante regular. No caso de que se nos chegase a concentrar, teríamos que contratar persoal para facer labores comerciais para a área da marca de roupa.

## Perfil promotores

Pablo Lage é Técnico Superior de Realización de TV e Técnico Superior de Producción Audiovisual de Espectáculos.

Manuel Pallín estudou Artes Aplicadas e é Técnico Superior de Realización de TV. Aporta ademais experiencia profesional en creación de imaxes corporativas e marcas de roupa.

Marcos Pereira é Ldo. en Empresariais e traballou como asesor laboral.

Os tres promotores son graffiteiros e a súa afección uniúlles para desenvolver este proxecto empresarial.

## Aptitudes necesarias

Moita creatividade, iniciativa, capacidade de innovar con todo.

Nós non deixamos de crear ideas, e creemos que as veces, é a falta de medios a que nos impulsa a desenvolver estas ideas.



## Guía de Actividad

**Producción audiovisual** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**A independencia que proporciona  
Demostrar aos demais as miñas  
capacidades  
Gañar cartos**

**Dedicarme ao que me gusta  
Ser o meu propio xefe  
O reto que supón**

## Formación

### **¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?**

Marcos é licenciado en Empresariais.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

No noso caso, creemos que non é imprescindible. Por suposto, o feito de ter estado no viveiro da Fundación CEL axudounos moito, porque xestionáronnos multitude de cousas, e de varias formas facilitáronnos moito o labor de poñer en marcha o noso proxecto.

## Anecdótico

Nunha ocasión, contratounos unha perruquería para que pintásemos o exterior do baixo. Fixemos o traballo un domingo e chamounos a nosa cliente dicindo que acababa de recibir a chamada dunha veciña alertándoa de que uns graffiteiros estábanlle pintando o muro, pero que non obstante, estáballe quedando moi ben.

